

ASUNTO PLE/2022/00035981V

ACTA NÚM. 14 - SESIÓN ORDINARIA 15 DE XULLO DE 2022

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **11:51 horas** do día **15 de xullo de 2022**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres
Don Pedro José Rey Sanchiz

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei
Dona Navia Rivas de Castro.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

ORDE DO DÍA:

- 1. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para que se inclúa na programación das festas música e cultura ao vivo de artistas e empresas locais.**
- 2. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a licitación e contratación da continuidade das obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais en Figueiras.**
- 3. Proposición presentada polo grupo municipal de CA para a gobernanza do turismo impulsando unha reflexión colectiva sobre esta actividade e a necesidade de medidas para combater o turismo sen control.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para a convocatoria dun certame anual de pintura rápida.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para realizar obras pendentes comprometidas coa veciñanza de Figueiras.**
- 6. Proposta de nomeamento de vogais da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico.**
- 7. Designación de portavoz no grupo municipal do PP.**
- 8. Designación de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais.**
- 9. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 10. Comparecencia da concelleira delegada de contratación.**
- 11. Comparecencia a petición propia do concelleiro delegado de educación.**
- 12. Rogos, preguntas e interpelacións.**

Interpelación:

- 1.- Presentada polo BNG sobre o concurso do servizo de comedores escolares.

Rogos:

- 1.- Presentado por CA para que o concello atenda as demandas dos/as traballadores/as do servizo municipal de centros socioculturais en folga.
- 2.- Presentado polo BNG para a contratación de condutores despedidos da liña de autobús do aeroporto.
- 3.- Presentado polo BNG para buscar solucións ao conflito laboral na rede de centros socioculturais do concello.
- 4.- Presentado polo BNG para a regulación e coordinación do tempo dos semáforos.
- 5.- Presentado por CA para que se atendan as demandas da asociación veciñal Nova Xeira de Figueiras sobre compromisos adquiridos polo alcalde.
- 6.- Presentado polo PP para aumentar nas fins de semana e festivos a capacidade da liña de autobus entre os Tilos e o aeroporto (6A).
- 7.-Presentado polo PP para a roza de maleza nas beirarrúas dos polígonos de Costa Vella-A Sionlla.
- 8.- Presentado polo PP para a retirada e a procura dunha alternativa para a compactadora “provisoria” da Travesa de Fonseca.

9.- Presentado por CA para atender as demandas da veciñanza do Avio, da Torreira e Romaño.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada polo PP sobre a falta de previsión, supervisión e control das obras da rúa do Hórreo.
- 2.- Formulada polo PP sobre a construción dun tramo da senda peonil na Costa de San Lázaro, na beira da antiga estrada N-634.
- 3.- Formulada por CA sobre as políticas públicas para atender a diversidade sexual e de xénero no concello.
- 4.- Formulada polo PP sobre os vertidos existentes nuns terreos lindeiros coa rúa Ulpiano Villanueva, no barrio de Vite.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o convenio de uso do campo do polideportivo da USC entre o concello e a universidade
- 6.- Formulada polo BNG sobre os motivos da recepción parcial da obra dos Concheiros.
- 7.- Formulada por CA sobre os servizos de conserxarías e limpeza dos centros educativos e das instalacións deportivas actualmente sen contrato.
- 8.- Formulada polo BNG sobre a clausura da canteira de Miramontes-Grixa.
- 9.- Formulada por CA sobre o parque arqueolóxico Compostela Rupestre.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre saída de emerxencia do local coñecido como discoteca Ruta.
- 2.- Formulada polo PP sobre estudos de aforos na rúa do Hórreo ata a rotonda da Galuresa, no tramo onde se está a executar o proxecto de reurbanización.
- 3.- Formulada polo PP sobre dotación de servizos de abastecemento e saneamento ás vivendas na rúa de Amio.
- 4.- Formulada polo PP sobre as deficiencias nas instalacións da escola Bispo Teodomiro en Marrozos.
- 5.- Formulada por CA sobre a situación de pagamento das facturas correspondentes ao contrato de servizos de vixilancia en varias dependencias municipais.
- 6.- Formulada polo BNG sobre a apertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño.
- 7.- Formulada polo BNG sobre xardineira que dificulta o acceso a garaxe na rúa do Escultor Asorey.
- 8.- Formulada polo BNG sobre prezos das atraccións para as festas do 25 de xullo.

13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

- 1.- Moción presentada por CA para a continuidade das escolas unitarias do rural.
- 2.- Moción presentada por CA sobre a mellora da accesibilidade e a construción dun novo estacionamento no proxecto de ampliación do CHUS.
- 3.- Moción presentada por CA sobre a situación e contratacións de traballadores e traballadoras na liña 6 ao aeroporto.
- 4.- Moción presentada por CA para que o concello facilite e favoreza a actividade dos clubs deportivos do municipio así como o uso e mellora das pistas de atletismo da cidade.
- 5.- Moción presentada polo BNG para a mellora de espazos públicos no Ensanche.
- 6.- Moción conxunta presentada polo PP, CA e BNG para o cumprimento do contrato da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos.
- 7.- Moción presentada polo PP para a posta en marcha dunha programación de circuítos saudables.

- 8.- Moción presentada polo PP sobre o prazo legal para a implantación da recollida de biorresiduos.
9. Moción presentada polo PP para a proposta ao goberno de España dun plan de medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e da economía española.
- 10.- Presentada polo BNG para a reprobación do concelleiro de educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación.
- 11.- Presentada polo BNG para modificar o proxecto do Orbitaliño co obxectivo de preservar o núcleo rural de Formarís.

Cumpríméntase así:

1. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA QUE SE INCLÚA NA PROGRAMACIÓN DAS FESTAS MÚSICA E CULTURA AO VIVO DE ARTISTAS E EMPRESAS LOCAIS.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de que se elabore un Plano de contratación de música e cultura ao vivo que contemple a contratación directa de grupos musicais, empresas culturais e artistas de Santiago de Compostela no próximo ciclo de festas da cidade

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mandato anterior o goberno de Santiago conseguiu achegar unha perspectiva diferente ás festas da cidade programando baixo tres eixos de ordenamento para ofertar unhas festas diversas, descentralizadas e abertas. Abertas, isto o primeiro, no anterior mandato municipal todas as actividades foron gratuítas. A calidade e a diversidade das propostas foron condición necesaria para desenvolver unha planificación temporalmente ordenada do calendario festivo que apostou decididamente pola descentralización e a participación da cidadanía, novos colectivos e artistas da cidade entraron a formar parte como na celebración do Banquete de Conxo ou a través do programa Artellando nas Festas que fixo que a programación do Apóstolo desde o 2015 desbordase a cidade vella e chegase aos distintos barrios da cidade e aos parques.

Sumouse e produciuse expresamente programación infantil e de mocidade, recuperouse a Praza do Toural para as noites de concerto, reforzáronse espazos tradicionais en apoio ao patrimonio inmaterial, apostouse pola diferenza local e na escolla contextualizada de propostas internacionais en xira. Programouse cunha liña curatorial clara apostando por programas de festas dedicadas a pór en valor o talento das mulleres, da creación actual galega, sen esquecer a creación actual de Galicia da emigración. Comprobouse que podiamos encher a Quintana con grandes artistas internacionais como Rubén Blades e Rosalía, apostar pola produción de grandes espectáculos como *Lorca Namorado* e desenvolver unha Ascensión de 2019 cos artistas galegos emerxentes; sempre sen esquecer e tendo unha constante presente no talento local para desenvolver unha política cultural de festas que tivo unha gran acollida.

Nesta liña de traballo, nos anos 2016 e 2017 xestionábase o censo *Compostela É Música*, para que calquera programador da cidade -ou mesmo de fóra- puidese recoñecer as propostas musicais compostelás. *Compostela É Música* foi un proxecto

impulsado pola sección local da asociación Músicos ao Vivo e que contou co apoio do Concello de Santiago, naquel momento, aínda que agora só con unha consulta na súa web <http://www.compostelaemusica.gal> pode comprobarse que o único apoio institucional é o da Deputación. Unha plataforma online que valeu para cartografiar a escena musical de Santiago, co obxectivo de crear un censo oficial, público e actualizado, que poderá ser utilizado polos programadores culturais públicos e privados, e que servirá tamén como lugar de encontro para os propios artistas.

Con esta ferramenta procurábase facilitarlle ao propio Concello o coñecemento e o contacto cos músicos de Santiago, á hora de deseñar a súa propia programación cultural. *Compostela é Música* estaba dirixido a proxectos musicais profesionais e en activo na área de Santiago. Un censo aberto a todos os xéneros musicais, a todos os tipos de formación e a todas as idades. Para formar parte da base de datos é preciso que un mínimo do 50% dos membros do proxecto musical desenvolva con regularidade a súa base de acción profesional musical en Santiago, e que un mínimo do 50% dos membros do grupo sexan residentes en Compostela e/ou comarca.

Despois da súa creación o propio Concello exerceu co exemplo incorporando un ciclo de concertos con esa mesma denominación e imaxe nas Festas do Apóstolo e nas da Ascensión, ao tempo que se usaba o censo para outras contratacións como as actuacións nas sesións vermú ou de rúa. Desde o propio sector recoñeceuse que foi a primeira vez que a institución local apostaba polos activos musicais de Santiago de Compostela e establecendo desta maneira unha sinerxía positiva e dinámica entre estas dúas entidades, favorecendo e mellorando así o gozo e proxección de música de proximidade feita por músicos da propia cidade.

Sen embargo, nas recentes festas da Ascensión a falta de colaboración cos músicos, as empresas culturais e os artistas locais foron un clamor que agardamos o goberno municipal avalíe como incorrecto e modifique dun modo inmediato na programación das próximas festas do Apóstolo. Talvez unha das mostras que mellor recolle esta viraxe sexa o comunicado da Asociación de Músicos nas súas redes sociais:

As Festas da Ascensión son as máis sentidas como propias entre a xente de Compostela. Desde MAV, sentimos moita mágoa un ano máis por non darlle visibilidade nestas datas ao talento musical dos grupos profesionais de música da cidade. Unha ollada ao programa das festas deixa patente o desleixo co que se segue tratando aos centos de grupos profesionais de todos os estilos que hai en Compostela.

Durante apenas dous anos, desde MAV conseguimos no 2018 e 2019 que o Concello promovesse un espazo de visibilidade no Toural, co escenario Compostela É Música, asociado ao noso proxecto do censo musical da cidade co mesmo nome. Foi moi efémero, só dous anos. Lamentamos que non se acollese, nin o censo nin Toural, como unha oportunidade para seguir mostrando aos composteláns e aos seus visitantes todo o talento musical que hai na cidade, como o hai tamén en todos os sectores. Poñer en valor as creacións constantes e novas de moitos grupos que pulan por ser vistos, máis alá do tempo escaso de contar con eles uns meses na pandemia porque non se podía contratar a artistas de fóra. Poderían terse creado outros espazos estables de visibilidade, pero tampouco foi nin é así, nin sequera ante a necesidade que afoga ás persoas creadoras do sector musical no ámbito local despois da pandemia. Porque as músicas e artistas o que queremos e precisamos é ter traballo tocando e darlle así calidade de vida á xente, sexamos internacionais, nacionais ou locais.

Desde a Sección Compostela da Asociación Músicas ao Vivo, reivindicamos unhas festas de proximidade e unha programación cultural durante todo o ano que apoie a quen fai música e cultura aquí, na cidade e para a cidade.

Por todo o anterior, e porque unha cidade que non coida as e os seus artistas ten unha eiva que precisa atención urxente e co obxectivo de volver a programar música e cultura local nas festas de Santiago de Compostela, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte

ACORDO:

Que departamento de Festas elabore un Plano de contratación de música e cultura ao vivo con unha dotación mínima de 250.000 € para a contratación directa de grupos musicais, empresas culturais e artistas de Santiago de Compostela nos próximos ciclo de festas da cidade, comezando polas Festas do Apóstolo deste ano 2022.”

Auséntase o señor alcalde no debate da proposición.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (9 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda que o departamento de Festas elabore un Plano de contratación de música e cultura ao vivo cunha dotación mínima de 250.000 € para a contratación directa de grupos musicais, empresas culturais e artistas de Santiago de Compostela nos próximos ciclos de festas da cidade, comezando polas Festas do Apóstolo deste ano 2022.

Faise un descanso cando son as 12:19 e volve a reanudarse a sesión ás 12:50 horas, incorporándose a sesión todos/as os/as asistentes, agás o señor Muíños.

2. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A LICITACIÓN E CONTRATACIÓN DA CONTINUIDADE DAS OBRAS DE MELLORA DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVOS E SOCIAIS EN FIGUEIRAS.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai máis de ano e medio están paralizadas as obras de mellora de equipamentos deportivos e sociais en Figueiras, unha actuación iniciada no anterior mandato que o Goberno actual acordou rescindir hai case ano e medio, sen que ata o momento se teña producido unha nova licitación que permita contratar a continuidade dos traballos.

Cómpre lembrar que o contrato para a “mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras” foi subscrito o 26 de marzo de 2019, cun mes para a acta de comprobación e un orzamento de 255.068 euros, con cargo ao POS+2018 da Deputación da Coruña.

As obras, cun prazo de execución de catro meses, deberían estar concluídas o 26 de

agosto de 2019, aínda que, rematado o prazo previsto, a empresa solicitou unha ampliación de prazo de 439 días, xustificando a demora na imposibilidade de atopar un proveedor da estrutura prefabricada definida no proxecto. Ante esta petición, que foi desestimada pola “falta de previsión na preparación da súa oferta” e pola “falta de dilixencia na súa actuación”, a Xunta de Goberno acordou a rescisión do contrato o 22 de marzo de 2021, sen que -como se dixo- ata o de agora se teña producido a necesaria licitación e contratación dos traballos interrompidos hai case ano e medio.

Así, pois, transcorrido case ano e medio da decisión de rescindir o contrato, a zona - próxima á igrexa parroquial- permanece abandonada, con gabias abertas, moreas de terra e coa maleza facéndose dona do lugar, como se pode apreciar nas imaxes que se acompañan, mentres o Goberno continúa sen proceder a unha nova licitación e a conseguinte adxudicación que permita retomar os traballos.

Non se entende este gran retraso para continuar coas obras nesta importante zona de expansión da parroquia, sobre todo tendo en conta o perigo que supón o estado de abandono actual, cheo de obstáculos e de maleza e sen as debidas medidas de seguridade que impidan o acceso ás instalacións nestas condicións.

Á vista do exposto, o Grupo Municipal Popular propónlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a que coa maior dilixencia posible proceda a licitar e adxudicar as obras para a continuidade do proxecto de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras, e, mentres tanto extreme as medidas de seguridade para evitar o acceso á zona das obras en previsión de posibles accidentes.”

Auséntanse da sesión a concelleira, Dona Mercedes Rosón.

Rematado o debate que se fixo conxuntamente coa proposición que figura como núm. 5 sobre a mesma temática, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a que coa maior dilixencia posible proceda a licitar e adxudicar as obras para a continuidade do proxecto de mellora de equipamentos deportivos e sociais na parroquia de Figueiras, e, mentres tanto extreme as medidas de seguridade para evitar o acceso á zona das obras en previsión de posibles accidentes.

Volven a incorporarse á sesión a señora Rosón e o señor Muíños.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA PARA A GOBERNANZA DO TURISMO IMPULSANDO UNHA REFLEXIÓN COLECTIVA SOBRE ESTA ACTIVIDADE E A NECESIDADE DE MEDIDAS PARA COMBATER O TURISMO SEN CONTROL.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate

no Pleno, co obxectivo de que se executen os acordos acadados no pacto para viabilizar os orzamentos de 2022 no relativo ao obxectivo de repensar o modelo turístico impulsando unha reflexión colectiva sobre as consecuencias e perigos do turismo sen control.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A importancia estratéxica do sector do turismo en Compostela na xeración de emprego, no mantemento do tecido empresarial e na posta en valor da cultura, o patrimonio, a gastronomía e a singularidade de Santiago como Cidade Patrimonio da Humanidade, é innegable. Agora ben, nos últimos anos este desenvolvemento turístico tamén implicou moitos impactos negativos para a veciñanza: a multiplicación exponencial do fenómeno das vivendas de uso turístico (VUTs), a saturación turística en puntos da zona monumental, ou a progresiva expulsión da veciñanza da cidade histórica por mor do encarecemento e redución drástica da oferta do alugueiro así como da escaseza de servizos básicos como o comercio de proximidade.

Ao tempo que todo isto ía acontecendo, Santiago experimentou unha degradación progresiva de espazos e servizos relacionada coa natureza da actividade turística na cidade, que nestes momentos,, xa supón un turismo sen control nos meses de maior afluencia de visitantes. De aí a emerxente preocupación na veciñanza sobre a sustentabilidade deste modelo e de como afecta á convivencia cotiá e de como supón unha perda de servizos nas zonas e barrios máis expostos aos fluxos turísticos.

No anterior mandato o goberno de Compostela Aberta apostou pola gobernanza do turismo, nun contexto ben diferente ao actual motivado pola pandemia, pero que tiña por obxectivo garantir que a actividade turística, tan importante para o desenvolvemento económico de Santiago, fora compatible coa convivencia, a calidade de vida, a conservación do noso patrimonio e o benestar a veciñanza. E foi coa esperanza de continuar con esta liña de acción política que Compostela Aberta presentou no Pleno de Maio do 2021 unha moción que foi aprobada pola maioría absoluta do Pleno (14 votos a favor) e sen votos en contra, que no seu ACORDO recollía os seguintes puntos:

1. Convocar o Consello Municipal de Turismo á maior brevidade para abordar as políticas turísticas e as accións do Plan de sostenibilidade turística de Santiago.
2. Incorporar na nova convocatoria de axudas, nas que xa se van incluír as axencias de viaxe, a posibilidade da creación de bonos turísticos de reactivación da economía local compostelá e o turismo de proximidade como o Bono-Viaxe e o Bono-Educa.
3. Impulsar o traballo conxunto entre os departamentos de Cultura e Turismo para desenvolver unha programación específica de promoción turística-cultural
4. Apostar pola promoción turística de Compostela como cidade universitaria e a posta en valor do seu patrimonio cultural e científico
5. Renovar e actualizar a sinalización turística de toda a cidade, de xeito inclusivo e accesible ao conxunto da poboación local e visitante.
6. Promover un servizo de asesoramento e inspección da calidade no emprego no sector turístico en Santiago de Compostela.

7. Fomentar as boas prácticas laborais no sector, incluíndo nas bases das axudas a valoración da incorporación de cláusulas sociais nos contratos, o deseño e control de horarios compatibles coa conciliación familiar ou a igualdade salarial entre xéneros, entre outras.

Na actualidade, o cumprimento dos puntos acordados é totalmente insuficiente ou inexistente. Aínda así, e continuando nesta liña política que procura a gobernanza do turismo, o acordo asinado o 18 de xaneiro de 2022 entre os grupos municipais de Compostela Aberta e o PSdG-PSOE para a viabilización dos orzamentos do vixente exercicio 2022, recollía no seu punto III.6, o seguinte:

“III. Novos acordos na procura de espazos comúns mais amplos, con outras medidas de cara á recuperación de Compostela. No diálogo mantido no último mes entre os dous grupos municipais, Compostela Aberta vén de propoñer unha serie de actuacións que o Partido Socialista concorda que son axeitadas e que se axustan á acción política desenvolvida polo Goberno Municipal actual:

(...) 6. Repensar o modelo turístico, impulsando unha reflexión colectiva e ampla sobre a actividade turística a través dun ‘Foro Cidadán sobre a Convivencia e o Turismo’ e un ‘Observatorio de Sustentabilidade Turística’ ademais de fortalecer o plan de inspección de pisos turísticos.”

A proposta ten en consideración a vital importancia de establecer medidas para combater o turismo sen control mediante unha nova estratexia para o turismo. A gobernanza do turismo adquire, pois, unha nova dimensión na procura de que esta sexa unha actividade económica responsable e sustentable, que repercuta no conxunto da veciñanza dunha cidade que non pode vivir sen turismo, pero tampouco só do turismo.

Debemos impulsar unha nova estratexia alonxada dun modelo de turismo intensivo que ten impactos claramente negativos para a cidade: o fenómeno das vivendas de uso turístico, o encarecemento dos alugueiros e a proliferación das tendas de souvenir fronte ao comercio de proximidade. É evidente que este tipo de establecementos (as tendas de recordos banalizados) contribúe á degradación urbana e estética dalgunhas das rúas e prazas máis senlleiras da Compostela Vella como as de San Francisco, Carretas, Acibecharía, do Franco, Rúa Nova ou a rúa do Vilar. Degradación estética que homoxeiniza a nosa cidade con calquera outra do mundo, e pon en perigo a nosa singularidade como cidade Patrimonio da Humanidade. Un bo exemplo pode ser a Rúa da Acibecharía que debe o seu nome ao comercio tradicional do acibeche e que hoxe está saturada de tendas de souvenirs ou outras orientadas ao turismo.

Por todo o anterior, e co obxectivo, por unha banda, de repensar o modelo turístico impulsando unha reflexión colectiva e ampla sobre a actividade turística e por outra, de implementar medidas urxentes que aborden os efectos do turismo sen control, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte

ACORDO:

O Pleno da corporación insta ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Realizar, inmediatamente despois da tempada turística estival, un ‘Foro Cidadán sobre a Convivencia e o Turismo’ no que se recolla a opinión da veciñanza, de

especialistas, do tecido asociativo e sindical do sector, do resto do tecido social e asociativo de Santiago, así como dos diferentes grupos municipais da Corporación.

2. Crear o 'Observatorio de Sustentabilidade Turística' en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, principalmente cos departamentos que están a traballar no campo de turismo.

3. Decretar unha moratoria na abertura de tendas de souvenirs para turistas no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica PE-1.

4. Iniciar a tramitación dunha Ordenanza reguladora para a protección do comercio tradicional e de proximidade da zona vella."

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 17 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 7 PP), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local a:

1. Realizar, inmediatamente despois da tempada turística estival, un 'Foro Ciudadán sobre a Convivencia e o Turismo' no que se recolla a opinión da veciñanza, de especialistas, do tecido asociativo e sindical do sector, do resto do tecido social e asociativo de Santiago, así como dos diferentes grupos municipais da Corporación.

2. Crear o 'Observatorio de Sustentabilidade Turística' en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, principalmente cos departamentos que están a traballar no campo de turismo.

3. Decretar unha moratoria na abertura de tendas de souvenirs para turistas no ámbito do Plan Especial da Cidade Histórica PE-1.

4. Iniciar a tramitación dunha Ordenanza reguladora para a protección do comercio tradicional e de proximidade da zona vella.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CONVOCATORIA DUN CERTAME ANUAL DE PINTURA RÁPIDA.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

"O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para a convocatoria dun certame de pintura.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela debe aspirar a consolidar o termo de capital cultural con novas actividades impulsadas pola Administración local para facer unha oferta atraente a artistas internacionais. Para iso, recollendo unha proposta particular do pintor Juan Silva, unha boa oportunidade pode ser crear un certame de pintura rápida desde o departamento de Cultura, en colaboración coas concellarías vinculadas a sectores da hostalaría, comercio e turismo, ademais de establecementos que se queiran sumar ao evento. Por outra parte, en Santiago hai moitas persoas afeccionadas á pintura e diversas iniciativas sobre as artes plásticas, que tamén poden

colaborar neste novo certame creativo.

Neste certame poden existir modalidades de infantil, adultos e maiores para gañar público máis diverso, xunto cunha categoría especial para artistas locais. A temática pode estar vinculada á paisaxe, espazo físico, xente e costumes de Santiago de Compostela, con estilo e técnica libres, e cunha execución da obra realizada *in situ* na área delimitada pola organización. Cada participante deberá inscribirse e achegar o material que considere necesario para desenvolver o seu traballo, incluído o cabaleta, en que se exporá a obra con posterioridade. O espazo de traballo deberá quedar limpo e recollido, con especial atención ao depósito habilitado para restos de pinturas e disolventes co fin de evitar a contaminación. O xurado do certame que avaliará as obras estará integrado por profesionais das artes plásticas e por representantes do Concello de Santiago.

Un certame destas características pode ter unha gran repercusión mediática para proxectar Santiago de Compostela como capital cultural e servir de elemento para a diversificación e especialización do turismo das persoas que se acheguen nestas datas da celebración á cidade.

Por todo isto, propoñemos ao pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago, para potenciar e recoñecer a afección pola arte entre a cidadanía, ademais de consolidar a capital cultural, organizará e convocará un certame de pintura rápida, co obxectivo de atraer artistas internacionais e diversificar a oferta creativa existente na actualidade.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 2 votos a favor correspondentes ás concelleiras do BNG, e 22 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do PP e de CA (10 PSdeG-PSOE, 7 PP e 5 CA), acorda que o concello, para potenciar e recoñecer a afección pola arte entre a cidadanía, ademais de consolidar a capital cultural, organizará e convocará un certame de pintura rápida, co obxectivo de atraer artistas internacionais e diversificar a oferta creativa existente na actualidade.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA REALIZAR OBRAS PENDENTES COMPROMETIDAS COA VECIÑANZA DE FIGUEIRAS.

A proposición presentada ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para realizar as obras pendentes comprometidas coa veciñanza de Figueiras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A asociación veciñal Nova Xeira de Figueiras vén de facer pública unha relación de compromisos pendentes do Goberno local relativas a obras de seguranza viaria, a paralización das obras nas instalacións deportivas e a falta de iluminación pública.

Neste sentido, reclaman a mellora da seguranza viaria mediante a pavimentación do

tramo que vai desde a papeleira de Brandia ata Marmancou, con fochancas de grandes dimensións situadas nunha curva e cambio de rasante. Esta vía é moi transitada ao ser a zona de acceso para toda a veciñanza e centros escolares.

En canto á senda peonil na CP 7803 desde o Carme de Abaixo a Figueiras, que foi aprobada en 2019, a asociación Nova Xeira advirte de que está pendente de execución pola necesidade de cesión dunha parcela do Consorcio da Cidade de Santiago para poder licitar o proxecto.

Ademais, advirten da paralización da obra nas instalacións deportivas do campo da festa, financiadas pola Deputación da Coruña, que se iniciou en abril do 2019 cun prazo de execución 4 meses. Desde esa data a veciñanza non pode facer uso desas instalacións para practicar deporte e no campo da festa hai perigo potencial porque as obras non están acoutadas como deberan. Reclaman que o Concello de Santiago axilice os cambios introducidos no proxecto e introduza materiais que se atopen no mercado, para poder continuar a execución da obra. A iso súmase a proliferación de vexetación nesta zona deportiva, que revela un descoido total dos espazos públicos por parte do Goberno local.

Outra cuestión que reclama a veciñanza é a reposición da iluminación desde Codesedas, Xulacasa e ata a igrexa, tendo en conta o proxecto aprobado na Xunta de Goberno local en marzo de 2022 por un importe de 44.000 euros. Con esta obra estaba previsto substituír a infraestrutura de iluminación pública existente, incluíndo luminarias led de alta eficiencia e baixo consumo, cableado e arquetas.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno da Corporación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago realizará as xestións necesarias, de acordo cos departamentos correspondentes, para realizar as obras comprometidas coa veciñanza de Figueiras.”

Están ausentes da sesión no momento da votación a/o concelleira/o, Dona Mercedes Rosón e Don Gonzalo Muíños.

O Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PP, de CA e do BNG (7 PP, 5 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello realice as xestións necesarias, de acordo cos departamentos correspondentes, para realizar as obras comprometidas coa veciñanza de Figueiras.

6. PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE VOGAIS DA COMISIÓN ASESORA DE PATRIMONIO HISTÓRICO.

A proposta é do seguinte teor literal:

“O vixente Regulamento da Comisión Asesora de Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, aprobado polo Pleno de 21 de xaneiro de 2016 e publicado no B.O.P de 23 de febreiro de 2016, establece no seu artigo 5.1 que os vogais da mesma deberán ser nomeados polo Pleno a proposta do Alcalde.

O artigo 5.2 establece que terán a consideración de vogais da Comisión os seguintes representantes:

- a) 6 representantes dos grupos políticos que conforman a Corporación Municipal en proporción ao número de concelleiros/as que lles correspondan.
- b) Un/unha representante do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela
- c) Un/unha representante do departamento da Xunta de Galicia que ostente a competencia sobre o patrimonio cultural.
- d) Un/unha representante da Universidade de Santiago de Compostela con rango de historiador
- e) Un/unha representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con rango de arquitecto.
- f) Un/unha funcionario/a municipal con competencias nas materias obxecto de ditame.
- g) Un/unha profesional de recoñecido prestixio en asuntos relacionados coas competencias da comisión, que non teña a condición de traballador municipal.

Tras a oportuna solicitude, tanto os Grupos Municipais como os organismos ou entidades con representación na Comisión, achegaron as súas propostas de designación de representantes. A vista dos mesmos, formulouse a correspondente proposta en base á que en sesión plenaria de 26 de setembro de 2019 nomeáronse os vogais na Comisión Asesora de Patrimonio Histórico:

En representación do Grupo Municipal Popular, a don José Antonio Constenla Ramos e a don Evaristo Ben Otero en calidade de titulares e, como substitutos, a calquera concelleiro do Grupo Popular.

En representación da Universidade de Santiago de Compostela a don Pegerto Saavedra Fernández como titular e a dona Margarita Barral Martínez como suplente.

PROPOSTA

Considerando que tanto o Grupo Municipal do Partido Popular como a Universidade de Santiago de Compostela teñen presentado propostas para o cambio de parte dos seus vogais, propoño ao Pleno da Corporación que en cumprimento do disposto no artigo 5 do Regulamento da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico do Concello de Santiago de Compostela, adopte acordo no senso seguinte:

Aprobar o cesamento como vogais da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico de Don Evaristo Ben Otero e de Don Pegerto Saavedra Fernández.

Aprobar o nomeamento de Don Federico López Silvestre como vogal titular en representación da Universidade de Santiago de Compostela.”

Á vista da proposta transcrita e máis do ditame favorable da Comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a súa sesión ordinaria do día 27 de xuño de 2022, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda:

Aprobar o cesamento como vogais da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico de Don Evaristo Ben Otero e de Don Pegerto Saavedra Fernández.

Aprobar o nomeamento de Don Federico López Silvestre como vogal titular en

representación da Universidade de Santiago de Compostela.

7. DESIGNACIÓN DE PORTAVOZ NO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

Á vista do escrito presentado polo grupo municipal do Partido Popular con data 4 de xuño do corrente ano, deuse conta da designación de portavoz do referido grupo a Don José Antonio Constenla Ramos.

8. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES VECIÑAIS NO CONSELLO DE RELACIÓNS VECIÑAIS.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Convocada a elección de representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais coa aprobación do calendario electoral o pasado 16.02.2022 (Resolución núm. 2022/1914).

2. Seguindo o calendario electoral o venres 29 de abril de 2022, celebráronse as eleccións de representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais.

3. Unha vez concluído o proceso electoral de eleccións de representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais; e finalizado o prazo de reclamacións á lista provisional procedeuse á proclamación definitiva dos candidatos/as elixidos/as, de acordo cos artigos 10 e 11 do Regulamento para a elección de representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais (BOP núm. 191, do 21.08.2001).

4. O artigo 21 do Regulamento de participación cidadá dispón: *Os membros do Consello de Relacións Veciñais serán designados polo pleno do concello [...]*

5. A Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, na sesión ordinaria celebrada o 23 de xuño de 2022, ditaminou favorablemente: *Designación de representantes veciñais no Consello de Relacións Veciñais. A designación polo Pleno dos tres novos membros do Consello de Relacións Veciñais por un mandato de catro anos.*

CONSIDERACIÓNS

Regulamento para a elección de representantes veciñais do Consello de Relacións Veciñais (BOP núm. 191, do 21.08.2022).

Regulamento de participación cidadá (BOP núm. 6, do 09.01.1999).

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Designar por catro anos, aos tres novos membros do Consello de Relacións Veciñais.

Ámbito urbano

Dona Encarna Otero Cepeda (AV Plataforma de Galeras).

Ámbito rural

Don David Vieites García (AV Rego das Pedras de Marantes)

Don José Carlos Taibo Rivera (AV Fco. García Beiro de Marrozos)."

Non está presente na sesión no momento da votación o concelleiro Don Gonzalo Muíños.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda: Designar por catro anos, aos tres novos membros do Consello de Relacións Veciñais.

Ámbito urbano

Dona Encarna Otero Cepeda (AV Plataforma de Galeras).

Ámbito rural

Don David Vieites García (AV Rego das Pedras de Marantes)

Don José Carlos Taibo Rivera (AV Fco. García Beiro de Marrozos).

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta ao pleno das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o 20 de maio de 2022 e o 22 de xuño de 2022.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2022/000024656P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 16 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00025530P

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00026303E

Acta da extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 25 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00026668L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00028180J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 31 de maio de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00028988Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 2 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00029264Q

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 3 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00029023M

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00029697N

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00030417L

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 9 de xuño de 2022.

ASUNTO XGL/2022/00030768W

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13 de xuño de 2022.

10. COMPARECENCIA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE CONTRATACIÓN.

Auséntase da sesión o concelleiro Don Jorge Duarte.
Comparece a concelleira delegada de contratación.

11. COMPARECENCIA A PETICIÓN PROPIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN.

Comparece o concelleiro delegado de educación.

12. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN.

Reincorpórase á sesión o concelleiro Don Jorge Duarte.

Interpelación:

1.- Presentada polo BNG sobre o concurso do servizo de comedores escolares.

Rogos:

- 1.- Presentado por CA para que o concello atenda as demandas dos/as traballadores/as do servizo municipal de centros socioculturais en folga.
- 2.- Presentado polo BNG para a contratación de condutores despedidos da liña de autobús do aeroporto.
- 3.- Presentado polo BNG para buscar solucións ao conflito laboral na rede de centros socioculturais do concello.
- 4.- Presentado polo BNG para a regulación e coordinación do tempo dos semáforos.
- 5.- Presentado por CA para que se atendan as demandas da asociación veciñal Nova Xeira de Figueiras sobre compromisos adquiridos polo alcalde.
- 6.- Presentado polo PP para aumentar nas fins de semana e festivos a capacidade da liña de autobus entre os Tilos e o aeroporto (6A).
- 7.-Presentado polo PP para a roza de maleza nas beirarrúas dos polígonos de Costa Vella-A Sionlla.
- 8.- Presentado polo PP para a retirada e a procura dunha alternativa para a compactadora “provisoria” da Travesa de Fonseca.
- 9.- Presentado por CA para atender as demandas da veciñanza do Avio, da Torreira e Romaño.

Preguntas resposta oral:

- 1.- Formulada polo PP sobre a falta de previsión, supervisión e control das obras da rúa do Hórreo.
- 2.- Formulada polo PP sobre a construción dun tramo da senda peonil na Costa de San Lázaro, na beira da antiga estrada N-634.
- 3.- Formulada por CA sobre as políticas públicas para atender a diversidade sexual e de xénero no concello.
- 4.- Formulada polo PP sobre os vertidos existentes nuns terreos lindeiros coa rúa Ulpiano Villanueva, no barrio de Vite.
- 5.- Formulada polo BNG sobre o convenio de uso do campo do polideportivo da USC entre o concello e a universidade
- 6.- Formulada polo BNG sobre os motivos da recepción parcial da obra dos Concheiros.
- 7.- Formulada por CA sobre os servizos de conserxarías e limpeza dos centros educativos e das instalacións deportivas actualmente sen contrato.
- 8.- Formulada polo BNG sobre a clausura da canteira de Miramontes-Grixa.

9.- Formulada por CA sobre o parque arqueolóxico Compostela Rupestre.

Preguntas resposta escrita:

- 1.- Formulada polo PP sobre saída de emerxencia do local coñecido como discoteca Ruta.
- 2.- Formulada polo PP sobre estudos de aforos na rúa do Hórreo ata a rotonda da Galuresa, no tramo onde se está a executar o proxecto de reurbanización.
- 3.- Formulada polo PP sobre dotación de servizos de abastecemento e saneamento ás vivendas na rúa de Amio.
- 4.- Formulada polo PP sobre as deficiencias nas instalacións da escola Bispo Teodomiro en Marrozos.
- 5.- Formulada por CA sobre a situación de pagamento das facturas correspondentes ao contrato de servizos de vixilancia en varias dependencias municipais.
- 6.- Formulada polo BNG sobre a apertura do centro sociocomunitario da Porta do Camiño.
- 7.- Formulada polo BNG sobre xardineira que dificulta o acceso a garaxe na rúa do Escultor Asorey.
- 8.- Formulada polo BNG sobre prezos das atraccións para as festas do 25 de xullo.

No transcurso do debate das preguntas orais (pregunta núm. 3 formulada por CA), auséntase da sesión o concelleiro Don Evaristo Ben Otero e xa non se volve incorporar á sesión.

Antes de proceder a tratar o punto das mocións faise un descanso cando son as 18:53 horas e volve a retomarse a sesión as 19:37 horas.

13. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS:

Os textos das mocións presentadas e tratadas son os que a continuación se transcriben:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A CONTINUIDADE DAS ESCOLAS UNITARIAS DO RURAL DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde finais dos anos 80 e sobre todo durante os anos 90, foron desaparecendo moitas das escolas unitarias rurais que existían nas parroquias de Santiago. Así, cruzando o umbral entre o século XX e o século XXI só sobrevivían sete centros rurais destas características dos catro deles, coincidindo coa primeira etapa de Sánchez Bugallo na alcaldía de Santiago foron fechando as súas portas, concretamente o de San Marcos (Bando) no 2001, a da Susana (Marrozos) e a da Peregrina no 2007 e a de Feáns (Vilvestro) no 2008. Ficando como únicas sobrevivintes as escolas Bispo-Teodomiro (Marrozos), O Gaioso (O Eixo) e Rial (Laraño).

As escolas unitarias da zona rural ofrecen numerosas vantaxes, cada vez máis valoradas nestes tempos de pandemia, son máis pequenas, teñen unha menor ratio de alumnado, contan con máis espazo ao aire libre para que os nenos e nenas

desenvolvan diferentes actividades. Teñen unha atención máis personalizada, a creación dunha comunidade ao redor do centro, a convivencia de nenos e nenas de distintas idades, cos demostrados beneficios que iso ten para o seu desenvolvemento; a aplicación de metodoloxías educativas que adoitan ser complicadas en grupos máis amplos.

Todo o anterior, en boa medida, é posible grazas á grande implicación do profesorado e das propias familias, e debera ir acompañado da atención que estes centros merecen das administracións públicas no que téñen que ver coa dotación de recursos e co mantemento das instalacións, nunha aposta firme polo noso rural. Existindo, sen embargo, unha falta de interese e desleixo por parte do goberno municipal do PSOE deste modelo de escolas como xa se ten debatido recentemente no Pleno da Corporación.

Agora coñecemos, novamente, a través das redes sociais que unha destas escoliñas se ve ameazada por causa da falta de apoio e da incompreensión deste modelo educativo, por parte das administracións públicas e das súas ansias uniformizadoras. Así é como se recollía este sentimento de indefensión e impotencia nun recente comunicado da Escola do Gaioso, recollido nas redes da Escola Bispo Teodomiro, nun exercicio de solidariedade entre ambas:

NON AO PECHE DAS ESCOLAS UNITARIAS!

Remata o curso, e coma tódolos anos, as emocións e os nervios percorren o noso corpo dende a punta dos pés ata a cabeza facéndonos tremelicar e enchendo a carúncula de bágoas que non poden saír, ao menos mentres teñamos espectadores. Este ano, máis ca nunca, as nosas emocións se acentúan e se escurecen pola incerteza e o medo.

A nosa escoliña pecha, si, coma tantas outras estes derradeiros anos, pero non por iso nos sentimos máis reconfortados. Non entendemos como é posible... unha escola pequena, situada no rural pero a menos de 5 minutos de centro de Santiago, unha escola cun gran patio verde (deses que poucos coles poden presumir de ter), cunha atención que poucos nenos e nenas reciben dende as escolas, e non porque o profesorado non o intente, senón porque como puidemos ver nestes últimos anos, a baixa ratio é esencial... Unha escola na que todos nos coñecemos de verdade, nenos e nenas, mestras e mestres, pais, nais, avós, avoas, veciños e veciñas, persoal de servizos,... Toda unha comunidade educativa que se chama polo alcume e que día a día inflúe nas relacións sociais que establece o noso alumnado, sentíndose parte dunha comunidade, aprendendo a ser seres sociais, respectando, axudando, integrándose e axudando aos demais a integrarse, unha verdadeira escola inclusiva para todos e todas.

A nosa escoliña pecha, si, porque segundo nos din para o curso que ven **fáltanos un neno ou nena, sí, 1 só!** que quixera vir a medrar (en tódolos sentidos) connosco, tal vez por problemas de conciliación, tal vez por descoñecemento, ou por preguiza...

Se sodes de Santiago ou arredores, se vides traballar aquí, se buscade un bo cole no que medrar... tal vez podades axudarnos e vir a medrar á nosa escola, connosco, e de seguro nos axudaremos, e podeades estar seguros de que non vos arrepentiredes.

ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL O GAIOSO, O Eixo, Santiago de Compostela.

O anunciado peche da escola O Gaioso deixará ao concello de Santiago con só dous

centros deste tipo, os de Marrozos e Laraño, que para o próximo curso teñen garantida a súa supervivencia pero que non saben que pode acontecer en cursos vindeiros, mentres o Goberno de Santiago -na tónica habitual do concelleiro delegado ausente de Educación- demostra carecer da mínima iniciativa política ou capacidade de interlocución coas autoridades educativas para axudar e promover este tipo de escolas rurais.

Tendo en conta todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións pertinentes, mediando e solicitando á Xunta de Galicia, para conseguir un marco de estabilidade e apoio para as tres escolas rurais de Santiago de Compostela, que lles permita pervivir e medrar nun futuro próximo como modelo de educación válido e vixente para o desenvolvemento das nosas parroquias rurais.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A MELLORA DA ACCESIBILIDADE E A CONSTRUCCIÓN DUN NOVO ESTACIONAMENTO NO PROXECTO DE AMPLIACIÓN DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O 2 de xullo de 2021 nunha reunión entre o conselleiro de Sanidade e o alcalde de Santiago tratouse a necesidade de ampliación do Hospital Clínico sendo que ao final da reunión Julio García Comesaña declarou a intención de que se asinase un convenio entre administracións igual que se tiña feito no caso da Coruña e de Pontevedra. A nota oficial da Xunta dicía isto:

“Así mentres a Xunta asumiría a obriga de executar a obra, cun investimento global que se estima en arredor de 60 millóns de euros, o convenio fixaría a asunción por parte do concello das actuacións necesarias para dotar ao inmovible das dotacións e servizos públicos necesarios, así como a regular nas ordenanzas fiscais municipais a exención do pagamento do imposto sobre bens inmoables e a bonificación do 95% do imposto sobre construcións, instalacións e obras”.

Hai que ter en conta que o feito de non mencionar a construción e ampliación das prazas de estacionamento significa un agravio comparativo posto que nos convenios da Coruña e Pontevedra recóllense entre as obrigas da Xunta a da dotación de aparcamento. Un agravio comparativo que foi reforzado e apoiado polo propio alcalde de Santiago con varias declaracións públicas nas que insistía na necesidade en que había que “elixir entre tratamentos para o cancro ou aparcamento”, ou cousas polo estilo e totalmente fora de lugar. Mesmo declarando que se non se cumpría co ratio de prazas de aparcamento que establece a normativa urbanística vixente que habería que facilitar e facer a vista gorda.

Sendo así que con data 15 de xullo de 2021 a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia presentou no Concello de Santiago o *Anteproxecto de obras de ampliación do Complexo hospitalario universitario de Santiago de Compostela (CHUS)*, para os

efectos da súa tramitación a través do procedemento regulado na Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese. Así, o 24 de setembro de 2021 publicouse no BOP de A Coruña o inicio do proceso de información pública do mencionado anteproxecto. Dado que o documento é desconforme coas determinacións do planeamento urbanístico vixentes no ámbito, a súa tramitación desenvólvese a través do procedemento regulado pola Lei 3/2016, que obriga ao Concello de Santiago de Compostela a someter o proxecto a este trámite de información pública, previamente á emisión do correspondente informe do Concello sobre os intereses locais afectados.

Na actualidade, o CHUS amosa carencias de carácter asistencial que esixen esta ampliación, tal e como se xustifica no anteproxecto de ampliación e ás que se lles dá cumprida resposta con esta ampliación. Ademais, desde o mesmo momento da construción do complexo hospitalario, hai case 20 anos, o Hospital sofre graves carencias en materia de accesibilidade e estacionamento. O Clínico serve a unha área sanitaria de cerca de 400.000 persoas, das que a maioría viven fóra do núcleo urbano da cidade, polo que a súa mobilidade vese condicionada nunha gran maioría dos casos á utilización de vehículo privado.

Tendo presente que as claves da mobilidade teñen que pasar pola defensa do transporte público en xeral, neste caso o desprazamento en vehículos particulares pode estar xustificado ante a falta de transporte público desde moitos puntos da área sanitaria e sobre todo debido á necesidade, en moitos casos, de desprazar a doentes que requiren acompañamento ata o propio hospital. Este problema de aparcadoiro vense soportando desde a apertura do Hospital, polo que o estacionamento e circulación na parcela do CHUS é totalmente caótica e mesmo complica a accesibilidade das persoas usuarias, especialmente daquelas con dificultades de mobilidade que se achegan ao Clínico polos seus propios medios.

O propio Plan Funcional para a ampliación do Hospital Clínico, aprobado pola Xerencia da Xestión Integrada da Área de Santiago do SERGAS, sinala que *“a ampliación prevista para o Hospital Clínico debido á súa localización implica a supresión dalgunhas prazas de aparcamento en superficie. O que vén a reducir un recurso xa escaso de por sí no Hospital Clínico (...) É por iso que, aínda que dentro do proxecto de ampliación non está prevista a construción de áreas de aparcamento, sí debera terse en conta a futuro unha solución global para este servizo”*. Malia este informe, a resolución destes problemas de aparcadoiro e de mobilidade non téñen sido unha prioridade para a Xerencia da área Hospitalaria ata o día de hoxe, e a situación veríase totalmente agravada de levar adiante este proxecto de ampliación tal e como está formulado na actualidade.

Fronte a iso, o Concello de Santiago aprobou no pasado mandato, durante o goberno de Compostela Aberta, o estudo de detalle dunha parcela municipal situada na contorna da Hospital Clínico, na que se pode construír un aparcamento cunhas 500 prazas distribuídas en tres plantas. Na parte superior do estacionamento prevíase o acondicionamento dunha praza, que podería servir de conexión peonil co hospital. Os terreos, situados ao carón do CIMUS, fóronlle ofertados á Xunta de Galicia en reiteradas ocasións para que asumira a construción do aparcamento, tendo en conta que xa existe un grave problema de estacionamento no contorno do hospital, que lle xera graves problemas aos doentes e ás súas familias que teñen como única alternativa un parking privado cunhas tarifas desorbitadas.

Durante o anterior mandato realizouse tamén un concurso de anteproxectos para

trasladar a ese ámbito a facultade de Medicina e Enfermería que supuña unha maior edificabilidade na parcela que a ampliación agora prevista. Pese a esta maior edificabilidade na parcela, moitas das propostas presentadas a este concurso de anteproxectos, resolvían dunha forma axeitada a mellora da interconexión e accesibilidade peonil, propoñendo ademáis novas áreas de aparcamento que resolvían os problemas históricos de accesibilidade e mobilidade neste ámbito.

Existen, ademáis, outras posibilidades a estudar, que deberían ser incluídas neste Plan Funcional, como é o caso do ámbito do SUD 9-10 Estrada de Vigo-Chouchiños, que poderían recoller a previsión de realizar novos espazos de estacionamento para resolver os problemas anteriormente mencionados. Así e á vista do anteproxecto de ampliación do CHUS presentado para información pública, e dentro do prazo legalmente establecido, en setembro do ano 2021, o grupo municipal de Compostela Aberta presentou as seguintes alegacións:

O proxecto de ampliación non cumpre os parámetros de reservas de prazas de aparcamento para usuarias, e tampouco introduce ningunha nova área de estacionamento soterrado interior ou próxima ao edificio hospitalario que resolva os problemas actuais e que se verán agravados coa ampliación do CHUS.

Ademais, e de forma máis xeral, amplíase a ocupación na parcela, incumprindo os parámetros do planeamento vixente e reducindo drásticamente a área libre de edificación do 30% actual ata un 20%; e non se toma ningunha medida para gañar espazo peonil que facilite a accesibilidade.

Por todo iso, faise necesario que o anteproxecto de ampliación do Hospital Clínico recolla de forma clara unha solución global para a construción de áreas de aparcamento que lle dean servizo ao equipamento sanitario, tal e como recomenda o propio Plan Funcional para a ampliación do Clínico aprobado polo SERGAS.

Estas áreas de estacionamento deben ser públicas e de xestión pública, garantindo prezos asequibles para as persoas usuarias, e deben asegurar a comunicación directa co propio edificio do hospital para facilitar o acceso ás persoas usuarias con maiores dificultades ou en situación sanitaria máis grave.

Das que non se recebeu unha resposta específica, a pesar de aparecer recollidas na resolución da alcaldía de asinada con data de 17 de novembro de 2021, e recoñecendo nese mesmo decreto a necesidade de:

“Segundo. Solicitar do órgano promotor que achegue, con carácter previo ao inicio das obras de ampliación, un Estudo complementario, que avalíe as necesidades de accesibilidade e doutro tipo de dotacións urbanísticas (viarios, aparcamentos e espazos libres) xeradas pola instalación hospitalaria, propoñendo ao efecto as medidas e solución axeitadas.

Terceiro. Instar da Xunta de Galicia a sinatura dun Convenio de colaboración co obxecto de concretar, programar e financiar as actuacións complementarias de mellora da mobilidade no ámbito do PE-9 e do seu contorno.

Recentemente xa no 22 de abril de 2022, nun dos últimos actos oficiais de Núñez Feijóo como presidente do goberno galego, presentouse o proxecto nun acto no propio hospital e foi o propio presidente o que sinalou que *“o convenio con Concello xa ten o visto e praxe municipal e polo tanto esta actuación xa está lista para ser desbloqueada nun próximo ‘Consello da Xunta’ e ser licitada nos próximos meses”*, convenio,

aprobación e licitación da que non se ten constancia pública na data actual.

Por todo o anterior, e porque é de xustiza que a ampliación do Hospital Clínico procure tamén resolver os problemas de estacionamento e mobilidade de toda a contorna, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno do Concello de Santiago e da Xunta de Galicia a:

Realizar as actuacións precisas e todas as xestións necesarias coa Xunta de Galicia para que o convenio que asinen ambas as administracións para a ampliación do Hospital Clínico resolva os problemas de accesibilidade peonil e os graves problemas de aparcamento na contorna do Complexo Hospitalario, recollendo como mínimo as seguintes actuacións:

Un estudo da mobilidade e accesibilidade peonil que garanta a accesibilidade universal e a mellora das conexións peonís, que deberán incorporarse nun proxecto de reurbanización da contorna.

A dotación dun novo aparcamento público e adopción de medidas que permita dar prioridade ás persoas usuarias e ás familias con maiores necesidades de atención e todas aquelas para as que o transporte público non poda resolver as súas necesidades.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE A SITUACIÓN E CONTRATACIÓNS DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS NA LIÑA 6 AO AEROPORTO

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No Pleno ordinario de xuño de 2021 aprobouse unha moción presentada por CA para regularizar a situación dos antigos empregados do bus ao aeroporto e impulsar unha liña de aerobús que conecte a intermodal e o Rosalía de Castro de xeito directo. A moción contou con 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acordando o seguinte:

1. Instar ao goberno local a que se cumpran os acordos aprobados na sesión ordinaria de xaneiro de 2021 e recollidos na proposición do grupo municipal de Compostela Aberta para manter os postos de traballo dos empregados da liña de autobuses ao aeroporto de Santiago - Rosalía de Castro.
2. Instar ao goberno local, a través da empresa TUSSA, a impulsar un servizo de Aerobus que implemente un bus lanzadeira que conecte directamente a Intermodal e o Aeroporto de punto a punto, sen paradas urbanas e con tarifaria diferenciado.
3. Instar á empresa TUSSA a restablecer a normalidade e o correcto funcionamento da liña 6 do transporte público de Santiago, en beneficio da cidadanía residente e

usuaria habitual da mesma.

Sobre os acordos mencionados no primeiro punto, e que foran aprobados tamén no Pleno de xaneiro do 2021, foron os seguintes:

1. Incorporar na próxima licitación do transporte urbano de Santiago a obrigatoriedade de subrogación de todo o persoal básico da liña de autobús ao aeroporto, actualmente servizo incorporado á liña 6.
2. Mediar coas empresas -Tralusa e Freire- para que se aprobe un Laudo arbitral no Consello galego de Relacións Laborais para que a anterior subrogación sexa de obrigado cumprimento.
3. Mediar coas empresas para que se resolucione a situación actual do persoal básico, que desde o 23 de decembro están nun limbo laboral e á espera de futuras solucións.

Ante a falta de subrogación pola empresa prestataria do servizo e a inacción do goberno local que non cumpríu co mandato plenario para mediar e conseguir esta subrogación, os traballadores recorreron á xustiza o despido e os tribunais déronlles a razón aos traballadores. As sentenzas de primeira instancia consideran improcedente o despido e dín que terían que ser subrogados na empresa prestataria do servizo tal e como contemplaba o acordo da Xunta de Galicia coas empresas do sector, previo á reorganización do transporte, feito precisamente para evitar casos coma este.

A pesares destas sentenzas, a empresa optou por pagar as indemnizacións en vez de subrogar aos traballadores como conductores. Esta decisión foi recurrida ante o Tribunal Superior de Xustiza pola empresa, e este tribunal ratificou a improcedencia do despido e que os traballadores deberan ter sido subrogados na UTE Trapsa Tralusa prestataria do servizo.

Ademais, recentemente unha sentenza do xulgado do contencioso nº2 de Santiago desestimou o recurso interposto pola empresa Freire -anterior concesionaria- contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, de 21 de decembro de 2020, polo que se ordeaba á actual concesionaria do transporte colectivo urbano de viaxeiros, UTE TRAPSA-AULUSA, que, a partir do 23 de decembro de 2020 e ata a adxudicación do novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros, preste o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros ao Aeroporto de Santiago, integrando esta vía na actual liña 6 de transporte urbano (San Marcos-Os tilos).

No mes de xaneiro deste ano 2022 preguntamos en Pleno, pasado xa máis dun ano desde o inicio deste conflito, e tendo en conta a, daquela, recente sentenza xudicial, sobre cales foron os pasos dados polo goberno municipal para que estes traballadores foran readmitidos no seu posto de traballo e que previsións ten o Concello de Santiago para garantir a subrogación do antigo persoal da empresa Freire vinculado ao anterior servizo de bus ao aeroporto.

A resposta do goberno foi que eles non podían decirlle á empresa concesionaría a quen tiñan que contratar, que a Ute Trapsa Tralusa tiña liberdade para contratar a quen quixera, a pesar de haber un acordo plenario pedindo que para cumprir as sentenzas optaran pola readmisión e non pola indemnización.

Unha vez que a empresa optou pola indemnización e non pola readmisión dos traballadores e á vista ademais de que a actual prestadora deste servizo, a UTE

TRAPSA-AULUSA está a realizar contratación de persoal sen experiencia para cubrir a liña 6, na vez de reincorporar aos traballadores anteriores de Freire, entendemos que o comportamento da empresa non está sendo o axeitado para prestar o servizo e tamén que hai un grave problema de deixadez do goberno para facer un control do servizo e garantir a mellor prestación deste servizo ao aeroporto.

E por todo iso o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta para debate plenario, o seguinte

ACORDO:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a:

Realizar as actuacións precisas para que a empresa concesionaria proceda á readmisión do persoal despedido no momento da subrogación, cumprindo coas sentenzas xudiciais

Facer un control efectivo do persoal adscrito á prestación do servizo impedindo a prestación do mesmo por persoal alleo ou a través de contratacións puntuais

Que garanta a incorporación deste persoal despedido no listado de persoal a subrogar pola nova empresa na licitación do transporte público.

Instar ao goberno local, a través da empresa TUSSA, a impulsar un servizo de Aerobus que implemente un bus lanzadeira que conecte directamente a Intermodal e o Aeroporto de punto a punto, sen paradas urbanas e con tarifa diferenciada.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE O CONCELLO DE SANTIAGO FACILITE E FAVOREZA A ACTIVIDADE DOS CLUBS DEPORTIVOS DO MUNICIPIO ASÍ COMO O USO E MELLORA DAS PISTAS DE ATLETISMO DA CIDADE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante o vixente mandato municipal é máis que evidente que o actual goberno local carece, de facto, de concellaría delegada de Deportes. A concelleira, Esther Pedrosa, ten sobradamente demostrado que non está á altura da súa responsabilidade, así como unha incapacidade manifesta para resolver nin un só dos problemas que se lle presentan no departamento. Un dos exemplos máis claros é o das subvencións deportivas correspondentes ao exercicio 2021 das que aínda ten varias sen pagar e as que están pagadas foron abonadas aos clubs deportivos con unha enorme demora. Chegando o ausentismo político desta concelleira ata o punto de que cando é interpelada en Pleno sobre este tema, nin tan sequera dar a cara para responder ou dar explicacións sobre estes impagos.

Recentemente tivemos coñecemento dunha nova problemática que volve afectar aos clubs máis modestos da cidade, aqueles que son os alicerces do deporte de base do noso municipio. Novamente o departamento de depores, baixo a dirección de Esther Pedrosa, non é quen de buscar unha solución para que algúns dos equipos de fútbol

da cidade teñan onde adestrar. Así xa se teñen dado casos como o do Racing San Lourenzo, que xa renunciou a un convenio que lle permita seguir adestrando no campo polideportivo da Universidade de Santiago.

O Racing San Lourenzo era un dos equipos que adestraba no campo polideportivo da Universidade de Santiago, que durante o pasado mandato foi acondicionado grazas a un convenio entre o Concello, a USC, a Deputación da Coruña e a Federación Galega de Fútbol. Ese acordo garantía o uso das instalacións por parte da comunidade universitaria, pero tamén de deportistas federados, ata o 31 de decembro de 2020. Para atender esta demanda, a Universidade comprometéase a reservar unhas horas semanais para o uso das instalacións por parte de deportistas federados, así como a garantir a apertura do campo nos horarios necesarios, ata as 23 horas e nos sábados e domingos.

Segundo denuncia o club San Lourenzo, levan seis meses sen poder utilizar o campo da USC porque non se renovou o convenio de uso entre o Concello e a Universidade, e non hai noticias de que se vaia asinar un acordo novo que permita o uso das instalacións nos horarios e nas condicións que viñan sendo habituais. Hai que lembrar que a oferta de instalacións deportivas en Santiago é escasa para atender toda a demanda dos equipos de fútbol base, e o Concello non pode permitirse o luxo de renunciar á utilización dun campo no que se investiron 200.000 euros das arcas municipais. Por iso, o goberno local debe dar explicacións e deber procurar que existan garantías de que na próxima temporada o campo polideportivo da Universidade estará ao dispor dos clubs de Santiago, porque ese era o acordo polo que foi renovado coa participación municipal.

Outra das fronteas abertas da concelleira Esther Pedrosa refírese á utilización das pistas de atletismo da Universidade, renovadas grazas a un convenio de cooperación entre o Concello, a USC, a Deputación da Coruña e a Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta. A achega municipal para estas obras foi de 150.000 euros, dun custo total de case medio millón de euros. Unha das cláusulas dese acordo establece que a Universidade facilitaríalle:

“o uso da pista de atletismo en horario ordinario e exclusivamente para o correspondente adestramento dun máximo de ata 50 deportistas federadas/os designadas/os e acreditadas/os polo Concello de Santiago de Compostela (...) desde o momento da sinatura do convenio que nos ocupa e ata que se inicien as obras ou despois da entrega destas de non mediar aínda un convenio específico de uso.”

Polo que é necesario impulsar ese convenio específico de uso das renovadas pistas de atletismo para garantir que poidan ser utilizada polos diferentes clubs que veñen demandando unhas instalacións homologadas en Santiago. Unha demanda pola que ata 21 clubs de Santiago e da comarca impulsaron no seu día unha concentración e emitiron un comunicado para reclamar que as administracións dotaran á capital galega dunhas pistas de atletismo homologadas, nas que poder desenvolver competicións oficiais dunha disciplina na que temos en Compostela mil deportistas federados e federadas.

Neste sentido hai que lembrar que o Pleno da Corporación de Santiago aprobou unha proposición presentada por Compostela Aberta en Febreiro do 2021 e que instaba ao goberno a cumprir cos seguintes acordos (todos eles aprobados pola maioría absoluta do Pleno):

1. Que o correspondente órgano de goberno impulse a sinatura dun convenio coa Secretaría Xeral do Deporte e a Deputación da Coruña para afrontar urxentemente as obras precisas na pista de atletismo do Estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro para poder tramitar a súa homologación diante da RFEA.
2. Que as actuacións contemplen as accións necesarias para crear un complexo deportivo que permita compatibilizar o seu uso para a práctica do atletismo e as actividades da SD Compostela e outros clubs que actualmente fan uso e disposición deste equipamento.
3. Que o goberno municipal colabore coa USC e as administracións que a entidade universitaria considere, mediante a fórmula administrativa máis acaída, na execución das obras precisas para acometer a mellora e renovación do estadio de atletismo do Campus Universitario que faciliten a súa homologación.
4. Que os citados convenios contemplen o uso por parte dos clubs de Compostela da pista de atletismo sen máis condicionante que os propios de calquera instalación compartida por distintas entidades.

Froito desta proposta no acordo de orzamentos para viabilizar as contas do 2022 asinado por Compostela Aberta e o PSOE nunha das súas cláusulas fica recollido o seguinte:

Equipamentos deportivos: continúa sendo prioritario o investimento en infraestruturas deportivas, tanto para a conservación das existentes como para a construción daquelas derivadas das novas demandas da cidadanía. Neste sentido, no proxecto de orzamentos prevese, entre outras, **a partida de 650.000 € para a remodelación da pista de atletismo do Estadio Municipal Verónica Boquete de San Lázaro** e outra partida de 250.000 € para unha actuación integral no pavillón municipal do Pío XII. Así mesmo durante o ano 2022 redactaranse os proxectos para unha nova piscina municipal en Santa Marta e para a Cidade da Raqueta.

Por todo o anterior, e porque aínda sendo conscientes das dificultades para dar acubillo a estes atletas, é importante que a concelleira de Deportes explique quen e como vai poder utilizar as pistas da USC renovadas con fondos públicos tamén do Concello de Santiago, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, presenta para debate plenario, o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións precisas para que:

1. O goberno municipal asine coa USC un convenio que contemple o uso por parte dos clubs de atletismo de Compostela da pista universitaria de atletismo sen máis condicionante que os propios de calquera instalación compartida por distintas entidades.
2. Renovación do convenio ou sinatura dun novo convenio coa USC para facilitar o uso do campo polideportivo do Campus Sur aos clubs de fútbol e rugby da cidade, tanto para os entrenos como para a competición oficial.
3. Licitación e executar coa maior celeridade a partida acordada para realizar as obras precisas na pista de atletismo do Estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro para poder ser usado polo clubs así como para tramitar a súa homologación diante da

RFEA.

MOCIÓN PARA A MELLORA DOS ESPAZOS PÚBLICOS NO ENSANCHE

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a mellora dos espazos públicos no Ensanche compostelán.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abandono xeral sufrido nos espazos públicos do Ensanche compostelán nos últimos anos, coa deterioración de lousas en beirarrúas e na rede viaria, problemas de accesibilidade, barreiras arquitectónicas, pasos de peóns mal pintados, falta de iluminación, colectores de residuos en mal estado e sucidade derivada do lecer nocturno son consecuencia, en boa medida, da falta de labor de mantemento municipal. Outro aspecto a ter en conta é a proliferación de pintadas en moitos portais, fachadas, escaparates, mobiliario urbano e sinalizacións de todo tipo.

A iso súmase a falta de coordinación e planificación na pretensión de introducir cambios na mobilidade, orientada a favorecer o tránsito peonil, que foi realizada sen programación, sen campaña de sensibilización previa nin análise pública de resultados para a súa mellora.

Existe tamén unha eiva na conexión entre a Cidade histórica e o Ensanche para facilitar a mobilidade, con información de zonas de interese monumental, comercial e gastronómico desta área, para incrementar e propagar o fluxo turístico das persoas que visitan Santiago de Compostela. Do mesmo xeito que tamén se pode mellorar o tránsito peonil das avenidas de Rosalía de Castro, rúa de Santiago de Chile e avenida de Vilagarcía cara ao barrio de Conxo.

Os problemas da falta de prazas de aparcamento, o elevado prezo do aparcadoiros privados e o colapso de tráfico a determinadas horas, unido ás beirarrúas estreitas, non favorecen que sexa un lugar amábel para pasear. Outro compromiso pendente coa veciñanza e asociacións comerciais do Ensanche, para alén da recuperación dos aparcadoiros da praza de Vigo e da praza de Galiza para a xestión pública, é o proxecto de construción dun aparcamento público, de xestión pública, no Campus sur da USC para aliviar a situación actual.

Son moitos os problemas de usar as beirarrúas como paradas de autobús para os centos de persoas con equipaxes que se dirixen ao aeroporto, con aglomeracións que obstrúen o paso da veciñanza mentres agardan. Cómpre que as frecuencias sexan altas con reforzo de vehículos nas horas punta, ademais de dispor dunha marquesiña de grandes dimensións para poder protexerse da chuvia, do frío e da calor. Nese sentido, está pendente de realizar e comprobar os resultados do proxecto de reurbanización do Hórreo e da praza de Galiza.

A veciñanza tamén se queixa de que os parques infantís resultan insuficientes e precisan unha renovación de elementos de xogo, do mesmo xeito que a praza de Vigo e a praza Roxa necesitan unha remodelación urbana máis integradora para o encontro social no tempo de lecer. De acordo das demandas da zona de Barrio Xardín, tamén se poden acondicionar espazos como a praza da Constitución para actividades que recuperen xogos tradicionais, realizar roteiros culturais, exposicións de fotografía histórica, clases de ximnasia ao aire libre e espectáculos de pequeno formato.

Existe tamén un grave problema derivado da vivenda baleira no Ensanche, cando hai demanda de alugueiro. É urxente a realización dun censo das residencias deshabitadas, cunha análise detallada dos motivos e coa posibilidade de xestionar axudas públicas para a súa rehabilitación, de cara a insonorizalas, gañar confortabilidade e facelas accesíbeis para lle dar saída a esa bolsa de vivendas tan abundosa como necesaria para facer un verdadeiro plan de dinamización do mercado de alugueiro en Compostela que permita fixar poboación.

Así, é necesario promover Santiago como “Capital de Compras” e mellorar o atractivo desta zona residencial, comercial e de negocios, con campañas de dinamización e estímulo de compras para a veciñanza e para as persoas que visitan Compostela, con actividades de rúa e espectáculos nas prazas.

Tampouco se implicou o Goberno local en buscar unha solución ao grave problema do ruído nocturno, máis alá de dispersar estudantes das rúas ao inicio de curso, cando é un problema persistente que imposibilita a falta de descanso a milleiros de persoas residentes no Ensanche cada semana durante a madrugada, xunto coa sucidade que se atopan en beirarrúas e portais derivada das consecuencias e comportamentos inadecuados polo consumo excesivo de alcohol. Así, faise necesaria, entre outras medidas, unha campaña de concienciación para mitigar este problema.

Outro aspecto a mellorar é a coordinación horaria do servizo de limpeza viaria, especialmente despois das noites de marcha nocturna, para que cando abra o comercio xa estea todo limpo, non como acontece na actualidade que pasan a fregar despois do mediodía, o que dificulta o traballo e provoca que mollen a xente que transita pola rúa, que vai mercar no pequeno comercio e que está nas terrazas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela adoptará as medidas necesarias, de xeito coordinado entre os distintos departamentos municipais, mediante a elaboración dun diagnóstico para pór en marcha un plan a medio prazo para a mellora dos espazos públicos no Ensanche co fin de gañar calidade de vida para as persoas residentes.

MOCIÓN PARA O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DA EMPRESA CONCESIONARIA DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

Os grupos municipais do Partido Popular, Compostela Aberta e Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presentan a seguinte moción para o cumprimento do contrato da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un clamor social, tanto da veciñanza compostelá como das persoas que nos visitan, a necesidade de mellorar o sistema de recollida de residuos en Santiago de Compostela. É evidente a falta de limpeza de rúas, o estado e mala distribución dos colectores para a recollida selectiva nos barrios, a escasa frecuencia de baleirado de papeleiras e a mala imaxe que ofrecen centos de bolsas depositadas cada tarde nos

portais da Cidade histórica.

Isto débese ao consentimento do Goberno local coa falta de inspección da empresa de recollida de residuos, ante o incumprimento da dotación de medios materiais e humanos que figuran no contrato, así como á falta de coordinación deste servizo público. Ademais, tampouco se fan públicos os informes e relatorios de control desta prestación.

A actual empresa concesionaria de servizos relativos á recollida de residuos domésticos e de limpeza viaria desenvolve esta prestación desde o ano 2005, após un contrato de 10 anos, con sucesivas prórrogas de 5 anos, para estar sen cobertura legal desde abril de 2020 ata a nova adxudicación en febreiro de 2022.

Así, o 18/01/2022 adxudicouse por 91.312.595 euros o contrato para a prestación do “Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela”.

Son coñecidas as queixas do comité de empresa de Urbaser, que advirte do incumprimento da bolsa de traballo existente ao non respectar a antigüidade para poder ter posibilidade de optar a contratos indefinidos tras xubilacións parciais ou totais e, sobre todo, que se respecten os pregos. Reclaman tamén a contratación das persoas que a empresa ofertou na adxudicación, para que se conforme o número de brigadas suficientes para a realización do traballo diario. En definitiva, o comité reclama que a empresa cumpra cos acordos da bolsa de traballo que figura no prego e no convenio colectivo de Urbaser Santiago.

Outra das necesidades é a dotación de máquinas varredoras, fregadoras e de camiós de recollida de residuos que cumpran as garantías de seguranza e que estean en bo estado. O comité de empresa alertou de que os 136 colectores soterrados existentes en Santiago carecen de mantemento.

En canto aos colectores, existen numerosas queixas da falta de depósitos para a recollida selectiva de residuos nos barrios. Existe unha conciencia ecolóxica crecente na veciñanza para o uso dos colectores de papel, vidro e materia orgánica que non atopa o apoio preciso para favorecer a reciclaxe co sistema actual debido, en boa medida, á falta de colectores próximos ás vivendas e mesmo en diversos tramos das rúas máis longas para facelo viábel. Isto é algo fundamental para cumprir os obxectivos ambientais que marca a normativa ambiental.

Queixas e demandas das e dos traballadores que eran ben coñecidas polo goberno local xa que en novembro do 2021, despois de varias reunións con unha representación do Comité de empresa foron obxecto de debate en Pleno. Así, na sesión plenaria dese mes aprobáronse unha proposición do Partido Popular, e dúas mocións, unha do BNG e outra de Compostela Aberta, que insistían na necesidade de esixirlle á empresa concesionaria a atención das demandas das e dos traballadores, así como no control do servizo por parte do Concello para que a empresa cumpra nos termos do contrato dedicando os recursos materiais e humanos nel recollido. Estas demandas, co cumprimento do novo contrato, deberían de ser atendidas e deberían ter resposta efectiva por parte tanto do Concello como da concesionaria.

No mesmo debate plenario ficou patente que a demora do actual goberno en licitar o novo contrato de xestión de residuos está provocar unha situación de incumprimento das exixencias en materia de reciclaxe. Actualmente está en vigor a normativa para

conseguir o obxectivo de reciclaxe do 50%, algo do que está moi lonxe o concello de Santiago. No ano 2025 a porcentaxe da reciclaxe debe ser, como mínimo, o 55% dos residuos municipais, que se deberá ir incrementando até o 65% en 2035, un aspecto sobre o que inciden tanto a Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galiza como a Lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, esta última de ámbito estatal.

A veciñanza sofre as consecuencias da falta de limpeza en barrios e parroquias e da falta de lavado de colectores coa frecuencia que figura no contrato, pese a pagar polo recibo como se realmente se fixese ese traballo.

Por estes motivos, os grupos municipais do PP, CA e BNG solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela adoptará as medidas necesarias para que se cumpran as condición do contrato da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos e o convenio onde se recollen os dereitos e as obrigas do persoal en materia laboral.

MOCIÓN PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA PROGRAMACIÓN DE CIRCUITOS SAUDABLES AO LONGO DO TERMO MUNICIPAL

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Aínda que as administración locais teñen moi limitadas as súas competencias en materia sanitaria, o seu carácter de proximidade fai que as súas actuacións, por modestas que sexan, adquiren unha gran importancia á hora de achegar á cidadanía nocións e conceptos de interese xeral, combinando eficacia e eficiencia na asignación de recursos.

Un dos obxectivos prioritarios da acción pública debe ser a promoción de hábitos saudables, tanto no relativo á actividade deportiva -sabido é que deporte é sinónimo de saúde- como na información sobre a influencia da alimentación e de determinadas condutas para a prevención e coidado físico e mental do conxunto da poboación.

En relación coa práctica deportiva, nunha anterior sesión plenaria xa se adoptou o acordo de desenvolver durante o verán unha programación de actividades físicas e creativas nos parques da cidade, “orientadas a contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo, con especial atención ás necesidades das persoas maiores e mozas”.

Agora, como complemento e para incidir na mellora dos hábitos saudables, propoñemos que o Concello poña en marcha unha campaña de participación de prevención e promoción da saúde por barrios e parroquias, que se podería dirixir principalmente, entre outros posible temas, a axudar na formación sobre os riscos do tabaquismo e os excesos do alcohol, así como das situacións de estrés, con informacións de interese sobre alimentación saudable, perda de peso corporal, lectura crítica de etiquetas dos produtos alimenticios e a adopción dun estilo de vida saudable, cunha especial atención tamén á práctica do exercicio físico no contorno máis

inmediato e en función de necesidades de cada persoa.

Esta iniciativa debería levarse a cabo en colaboración e coordinación con persoas e entidades do sector operantes na cidade, en especial, a Facultade de Medicina e a Consellería de Sanidade, que poderían contribuír con medios humanos e materias para o mellor desenvolvemento desta campaña que podería estenderse ao longo do ano para unha mellor difusión e amplitude nos distintos barrios e parroquias da cidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a que impulse a posta en marcha dunha campaña participativa de prevención e promoción da saúde por barrios e parroquias, con informacións de interese sobre alimentación saudable, perda de peso corporal, lectura crítica de etiquetas dos produtos alimenticios e a adopción dun estilo de vida saudable, cunha especial atención á práctica do exercicio físico no contorno máis inmediato en funcións das necesidades de cada persoa. Para este fin, poderá solicitar a colaboración, con medios humanos e materiais, das persoas e entidades do sector operantes na cidade, en especial a Facultade de Medicina e a Consellería de Sanidade.

MOCIÓN SOBRE O PRAZO LEGAL PARA A IMPLANTACIÓN DA RECOLLIDA DE BIORRESIDUOS

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de abril entrou en vigor a Lei estatal 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular. No artigo 25 desta normativa, introdúcese a esixencia de que os concellos de máis de 5.000 habitantes deben ter implantada antes do 30 de xuño de 2022 (este mesmo mes) a recollida separada dos biorresiduos de orixe doméstica.

Pola súa parte, tanto a Directiva Marco de Residuos europea de maio de 2018 como a Lei de Residuos de Galicia de febreiro de 2021 sitúan este prazo para implantar o quinto colector a finais de 2023, sen diferenciar aos municipios en función da súa poboación.

Polo tanto, o texto legal, seguindo a premisa que o Goberno central recollía xa no seu proxecto de lei -acurtando aínda máis a data-, o que fai é reducir o prazo para as entidades locais de máis de 5.000 habitantes en 18 meses e darlles pouco máis de 2 meses tras a entrada en vigor da lei para implantar a recollida separada dos biorresiduos.

Esta decisión afecta en Galicia a máis dun cento de concellos que teñen unha poboación superior aos 5.000 habitantes e que se ven obrigados a acelerar un proceso que leva meses implantar, co conseguinte prexuízo para os municipios e a práctica imposibilidade de cumprir os prazos fixados por lei.

Sendo, a todas luces, un período de tempo practicamente inasumible para que a maior parte dos concellos -de forma especial o Concello de Santiago que, a pesar de ter adxudicado un novo contrato para a xestión deste servizo desde hai varias semanas aínda ten pendente a renovación da maior parte do equipamento básico para este fin- poidan implantar a necesaria recollida separada dos biorresiduos para o seu posterior axeitado tratamento.

Ademais, cómpre sinalar que o incumprimento deste prazo leva aparelado sancións de ata 100.000 euros para as entidades locais, xa que a lei estatal considera este feito como unha infracción grave.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao Goberno central a reconsiderar a súa posición inicial e a facer as xestións precisas en orde a lograr unha ampliación do prazo fixado na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, para que os municipios de máis de 5.000 habitantes poidan implantar a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na Directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023.

MOCIÓN PARA A PROPOSTA AO GOBERNO DE ESPAÑA DUN PLAN DE MEDIDAS URGENTES EXTRAORDINARIAS EN DEFENSA DAS FAMILIAS E A ECONOMÍA ESPAÑOLA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escalada de prezos da enerxía, dos combustibles e das materias primas está a provocar un impacto moi relevante na economía das familias e das empresas, unha situación que se viu agravada tras a invasión rusa de Ucraína. Esta circunstancia obriga ás administracións públicas a reaccionar e adoptar con urxencia medidas que sirvan como resposta ás necesidades dos sectores impactados e da poboación en xeral.

Galicia anticipábase -ante a inacción do Goberno central- aprobando, no ámbito das súas competencias, un plan de choque autonómico que incluía unha serie de medidas coincidentes coas recomendacións dos principais expertos económicos.

De xeito paralelo a esta reacción do Goberno galego, o Parlamento de Galicia aprobaba na sesión plenaria que tivo lugar o 5 de abril de 2022, unha proposición non de lei do Grupo Popular que incluía 28 medidas, 14 delas dirixidas ao Goberno de España e outras 14 á Xunta de Galicia, para facer fronte á crise inflacionista.

O acordo final, fronte ao que non se rexistrou ningún voto en contra, instaba aos distintos gobernos a poñer en marcha unha baixada dos impostos e do prezo da enerxía; no ámbito da política fiscal; axustes estruturais; e medidas de apoio para os sectores máis afectados.

A Xunta de Galicia está a desenvolver as medidas incluídas no plan de choque autonómico, que está a manter un grao de execución moi elevado. Hai iniciativas en marcha no ámbito turístico (Bono turístico), enerxético (Bono Social Térmico, Bono Enerxía PEME), de apoio empresarial (liñas de axudas e avais do IGAPE, Plan renove automoción), no transporte público (inxección extraordinaria), medio rural (anticipo da PAC, financiamento circulante por parte dos gandeiros, Axencia de información e control alimentario de Galicia, Observatorio da cadea alimentaria de Galicia, Observatorio lácteo) e marítimo (exención de taxas portuarias e anticipo de axudas ordinarias), entre outras.

Todas estas accións lideradas desde Galicia contrastan coa falta de reacción, pouca axilidade e improvisación que caracteriza á acción do Goberno que preside Pedro Sánchez, ao longo da actual crise.

España leva meses vivindo as consecuencias dunha política irresponsable, que os cidadáns están notando nos seus petos. O Executivo central carece dunha estratexia que permita garantir a familias, pemes, autónomos e a todo o tecido empresarial e industrial uns prezos enerxéticos estables e unha contención no prezo dos produtos máis básicos e das materias primas, que evite que sigamos a bater máximos históricos e subidas descontroladas que parecen non ter límites.

Doutra parte, o deseño unilateral do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia por parte do Goberno de España, sen contar de maneira real e efectiva cos axentes económicos, nin co resto das administracións territoriais -en particular coa Xunta de Galicia- está a poñer en perigo o aproveitamento desta oportunidade histórica de transformación económica.

Nunhas semanas deberían chegar a España 31.000 millóns procedentes da Comisión Europea, pero en 2021 “o impacto foi practicamente nulo polos atrasos na execución” segundo a Airef, e en 2022 non se observan grandes avances, máis aló das transferencias intra-administrativas coas que maquillan os datos ante a Comisión, á vez que se pretende converter ás comunidades autónomas e concellos en meros xestores administrativos con pouca marxe de actuación para corrixir as decisións adoptadas polos ministerios.

Diante da actual situación económica e conscientes da responsabilidade que o Partido Popular ten como alternativa de Goberno no conxunto de España, promovemos -en colaboración con diferentes axentes da sociedade civil que colaboraron na elaboración desta iniciativa – unha batería de propostas realistas e que poden acometerse de xeito inmediato en catro áreas prioritarias: A racionalización do gasto burocrático e tamén político do Goberno; o redeseño dos fondos europeos para facelos máis útiles; e un conxunto de reformas estruturais a medio prazo para incentivar a actividade económica.

En paralelo, e conforme coa iniciativa aprobada polo Parlamento de Galicia, insistimos na oportunidade e na necesidade dunha baixada de impostos selectiva e inmediata que complemente as reducións de impostos que veñen aplicando as comunidades autónomas gobernadas polo Partido Popular -entre elas Galicia- de xeito que tamén o Goberno de España adopte medidas co obxecto de devolver a sobre-recadación ao peto dos contribuíntes, especialmente no caso daqueles con menores rendas do traballo, e nos que o incremento do IPC fai maiores estragos.

Neste punto, e a teor das estatísticas de recadación, hai posibilidade para actuar sen afectar o financiamento dos servizos públicos fundamentais, utilizando a marxe de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros de sobre-recadación, que pode verse ampliada se continúa o aumento da inflación; co máximo aproveitamento do financiamento europeo; coa procura na eficiencia do gasto público e coa posta en marcha de reformas estruturais para a dinamización económica, a creación de emprego e a mellora da produtividade.

En definitiva, trátase de complementar a nivel estatal as medidas xa propostas desde a Cámara galega e insistir naquelas que, aínda que xa estaban contempladas nas peticións formuladas desde Galicia, o Goberno de Pedro Sánchez aínda non as executou.

Resulta imprescindible, en consecuencia, que desde todos os ámbitos políticos, tamén desde os concellos galegos, impulsemos acordos que, desde o punto de vista construtivo e leal, teñan como finalidade traballar polas familias e empresas do noso país.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte proposta de

ACORDO

O Pleno da Corporación Municipal acorda:

PRIMEIRO.- Dirixirse ao Goberno de España co obxecto de que adopte as seguintes medidas:

1.- Deseñe un Plan Nacional para a mellora da efectividade e calidade do gasto público que permita establecer medidas para a modernización e reforma de todas as administracións públicas (estatal, autonómicas e corporacións locais) que fagan posible un aforro e racionalización do gasto.

2.- Mellore o deseño do Plan Recuperación Transformación e Resiliencia para facelo máis áxil de maneira que o financiamento chegue ás empresas e familias de forma inmediata e para que as reformas sexan transformadoras; intensificando, entre outras medidas, o uso de incentivos fiscais extraordinarios e temporais, aplicables a investimentos que fagan fogares e empresas que se consideren que contribúan á mellora da cohesión social e á capacidade de reacción diante das crises, destinados a investimentos en materia de transformación e dixital e eficiencia enerxética, financiados para a Facenda Española con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinando polo menos un 7% do PRTR a esta finalidade (4.900 millóns de euros).

3.- Inicie a implementación dun paquete de reformas estruturais para incentivar a actividade económica.

4.- Promova unha baixada de impostos selectiva, inmediata e temporal sobre os sectores máis afectados pola inflación, e para rendas baixas e medias cuantificada nunha pinza de entre 7.500 e 10.000 millóns de euros, que contemple como posibles medidas a adoptar, ben en solitario ou ben de forma combinada, as seguintes:

a) No IRPF deflactar a tarifa do IRPF nos tres primeiros tramos (ata 40.000 euros).

b) Crear no IRPF unha nova figura no mínimo persoal e familiar para rendas baixas e medias que se sitúan entre os 14.000 e os 22.000 euros.

c) Adaptar as retencións e pagos fraccionados para que as medidas de fiscais aprobadas teñan impacto automático e con efecto retroactivo desde o pasado 1 de xaneiro na economía das familias, empresarios e profesionais de forma inmediata.

d) Establecer un imposto negativo articulado como pago anticipado (axuda directa de entre 200 e 300 euros anuais que se poderá obter de forma anticipada) para persoas especialmente desprotexidas polo incremento do IPC para as rendas do traballo e de actividades económicas máis baixas sobre as que non hai obrigación de reter (caso xeral 14.000 euros, que pode chegar ata os 17.600 euros, aproximadamente, en función das circunstancias persoais e familiares do contribuínte), e coordinado coas axudas que se poidan recibir desde o Ingreso Mínimo Vital ou desde o Bono Social Eléctrico e do Bono Social Térmico, así como do resto de prestacións sociais que se prestan desde as CCAA e concellos.

e) Aprobar para autónomos e profesionais a redución da tributación en estimación obxectiva en IRPF (módulos) e do réxime simplificado en IVE e réxime especial de recarga de equivalencia naqueles sectores especialmente afectados polo incremento de prezos e custos.

f) Introducir no Imposto de Sociedades un novo suposto de liberdade de amortización no artigo 12.3 da LIS para este tipo de investimentos en eficiencia enerxética, cando cumpran os requisitos que se establezan regulamentariamente. Esta liberdade de amortización reservárase para os investimentos con nivel elevados de mellora da eficiencia enerxética (de modo similar a como se regularon distintas porcentaxes de dedución na DAA 50ª LIRPF, introducida polo art. 1.2 da Real Decreto-lei 19/2021, do 5 de outubro), establecéndose nos casos nos que non se alcancen os devanditos niveis, medidas de amortización acelerada (duplicando os coeficientes máximos de amortización do art. 12.1.a) da LIS).

g) Baixar de maneira temporal o IVE do gas e a electricidade do 10% ao 5%, e impulsar a rebaixa do Imposto Especial de Hidrocarburos, coa finalidade reducir a carga impositiva dos tributos indirectos do IVE e Impostos Especiais que gravan o consumo enerxético. Con iso preténdense dous efectos: dunha parte, liberar recursos na economía familiar e das empresas; e á súa vez contribuír á simplificación e á eficiencia ao aforrar custos de xestión, tendo en conta que sobre este tipo de imposición se veñen realizando bonificacións e subvencións que complican a xestión, engaden carga burocrática para a administración, as empresas e os consumidores.

SEGUNDA.- Dirixirse á Xunta de Galicia para que continúe desenvolvendo as medidas previstas no Plan de Choque Autonómico e, en particular, asuma como propias as medidas aprobadas polo Parlamento de Galicia o 5 de abril de 2022, para facer fronte á crise inflacionista e ás consecuencias derivadas da invasión de Ucraína.

MOCIÓN PARA A REPROBACIÓN DO CONCELLEIRO DE EDUCACIÓN POR NON CONVOCAR EN PRAZO AS ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para a reprobación do concelleiro de Educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación e provocar graves problemas ás familias que precisan deste recurso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Federación de Asociacións de Nais e Pais advertiu da falta de previsión do Goberno local na organización do programa municipal de conciliación do verán, que finalmente foi convocado o 30 de maio, cunha oferta máxima de 180 prazas por quenda. Como a demanda supera a oferta, realizouse un sorteo de prazas 24 horas antes do remate do curso escolar, froito do que quedaron fora nenos e nenas en todas as quendas, superando a centena nalgunha delas; mesmo hai familias ás que aceptaron un dos fillos e o outro non, sen atender o criterio básico de organización para que os irmáns poidan estar xuntos nas actividades de verán. Como consecuencia disto, a poucas horas de remate do curso, moitas familias compostelás non saben como van facer cos nenos e nenas mentres acoden aos seus postos de traballo.

O BNG xa presentou en diversas ocasións iniciativas sobre a necesidade de convocar un programa anual de actividades de conciliación para verán, Nadal, Semana Santa e entroido, de tal xeito que permita unha programación con anticipación, diversidade de actividades e prezos públicos. Considera necesario tamén que se atendan todas as solicitudes presentadas, cunha ampliación da oferta, porque só así se garante o dereito de acceso universal a este servizo. Está pendente, polo tanto, aplicar este acordo plenario desde novembro de 2016.

Ademais, é necesario que neste programa se inclúan sistematicamente actividades tamén durante o mes de agosto, pois son moitos pais e nais que traballan nese período e precisan actividades, campamentos urbanos e obradoiros municipais para as crianzas.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Repróbase a actuación do concelleiro de Educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación e provocar graves problemas ás familias que precisan deste recurso.

MOCIÓN DE URXENCIA PARA MODIFICAR O PROXECTO DO ORBITALIÑO CO OBXECTIVO DE PRESERVAR O NÚCLEO RURAL DE FORMARÍS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de urxencia para realizar as xestións necesarias e presentar as alegacións oportunas para que o proxecto do Orbitaliño respecte os núcleos tradicionais rurais coa menor afectación posíbel, garanta a cohesión territorial e favoreza a sustentabilidade ambiental, social e económica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co anuncio no BOE da Demarcación de Estradas do Estado en Galiza polo que se publica a resolución do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana pola que se aproba provisionalmente e se ordena a incoación do expediente de Información pública do proxecto de trazado "Enlace da estrada N-550 co Orbital de Santiago de Compostela e reordenación de accesos entre os puntos quilométricos 57+640 e 55+100", cun orzamento base de licitación de 24.988.011 euros (ive incluído), abriu o

prazo de 30 días naturais para presentar alegacións.

En xuño de 2021, a Corporación municipal aprobou por unanimidade unha moción do BNG para instar a facer as xestións necesarias para que o proxecto desta infraestrutura coñecida como Orbitaliño fose consensuado coa veciñanza de Formarís, na Sionlla, e respectase os núcleos tradicionais rurais coa menor afectación posíbel para evitar que, xustamente, esa infraestrutura necesaria para Santiago de Compostela evitase a fragmentación poboacional e garantise a cohesión territorial e o acceso aos establecementos comerciais existentes.

Existe un grande malestar entre a veciñanza que, xa en agosto de 2020, presentou un proxecto cun trazado alternativo para cumprir co obxectivo de conectar a N-550 co Orbital, en troques de concibilo como fai o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana como unha vía de alta capacidade entre Sigüeiro e Santiago, sen ter e conta o maior núcleo de poboación dese traxecto como é Formarís, que cómpre preservar. A proposta veciñal require unha menor superficie de expropiación e non afecta a vivendas, implica un menor impacto visual e produce un maior sosego público, en canto se reducen as emisións de contaminación acústica e as vibracións. Ademais, resulta compatíbel co transporte público, xa que respecta as paradas de autobuses urbanos en ambos os dous sentidos da circulación.

Este proxecto do Ministerio segue criterios contrarios ao mantemento dos núcleos rurais e á fixación de poboación, coa proposta de expropiar 5 casas e afectar un número importante delas. Tamén vai supor unha aberración para a sustentabilidade ambiental, social e económica. Por poñer un exemplo, a disposición de enormes pantallas para amortecer o ruído constante do paso de milleiros de vehículos, así como os muros que deben soportar esa rede viaria con rotondas en diversas alturas e a destrución de zonas agrarias provocan unha alteración paisaxística e económica da fonte de abastecemento do sector primario compostelán, aspectos que atentan cos compromisos da preservación do rural e da produción de alimentos de proximidade. Son aspectos contrarios ao borrador da Axenda Urbana 2030 que o Concello de Santiago está a elaborar. Tamén cómpre dispoñer dun plan de mobilidade para canalizar un abondoso número de vehículos para acceder a Santiago por esa zona rural de Formarís, o que vai causar impacto nas proximidades da aldea, pois é un criterio contrario á pacificación do tráfico e á humanización da nosa contorna.

Nesa liña, o Concello de Santiago ten capacidade para ofrecer asesoramento técnico e legal á veciñanza afectada para facer alegacións de cara a preservar este núcleo rural tradicional, evitar a fragmentación da aldea, o derrubo de vivendas e a inutilización de terreos agrarios. Ademais, como parte afectada, o propio ente municipal debe presentar alegacións a este proxecto para defender os intereses da veciñanza e preservar ese núcleo rural tradicional.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- O Concello de Santiago continuará a realizar as xestións necesarias para que o proxecto do Orbitaliño, o enlace da estrada N-550 co Orbital de Santiago de Compostela, sexa consensuado coa veciñanza de Formarís, na Sionlla, e respecte os núcleos tradicionais rurais coa menor afectación posíbel de cara a evitar que esta infraestrutura fragmente os núcleos de poboación e que se garanta a súa cohesión

territorial, ademais de garantir o acceso funcional correspondente aos establecementos comerciais existentes, tal como se aprobou por unanimidade da Corporación no Pleno de xuño de 2021.

2.- O Concello de Santiago promoverá o diálogo co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que teña en conta nesta actuación as peculiaridades dos núcleos tradicionais galegos e presentará alegacións nesa liña ao proxecto do Orbitaliño.

3.- O Concello de Santiago ofrecerá asesoramento técnico e legal á veciñanza afectada e asociacións que tamén estimen presentar alegacións para defender as vivendas, terreos agrarios e espazos rurais para a cohesión territorial da aldea que pode alterar o proxecto do Orbitaliño.”

Con relación á moción presentada por CA para a continuidade das escolas unitarias do rural de Santiago, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 6 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións pertinentes, mediando e solicitando á Xunta de Galicia, para conseguir un marco de estabilidade e apoio para as tres escolas rurais de Santiago de Compostela, que lles permita pervivir e medrar nun futuro próximo como modelo de educación válido e vixente para o desenvolvemento das nosas parroquias rurais.

Na moción presentada por CA sobre a mellora de accesibilidade e a construción dun novo estacionamento no proxecto de ampliación do CHUS, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno do Concello de Santiago e da Xunta de Galicia a:

Realizar as actuacións precisas e todas as xestións necesarias coa Xunta de Galicia para que o convenio que asinen ambas as administracións para a ampliación do Hospital Clínico resolva os problemas de accesibilidade peonil e os graves problemas de aparcamento na contorna do Complexo Hospitalario, recollendo como mínimo as seguintes actuacións:

- Un estudo da mobilidade e accesibilidade peonil que garanta a accesibilidade universal e a mellora das conexións peonís, que deberán incorporarse nun proxecto de reurbanización da contorna.
- A dotación dun novo aparcamento público e adopción de medidas que permita dar prioridade ás persoas usuarias e ás familias con maiores necesidades de atención e todas aquelas para as que o transporte público non poda resolver as súas necesidades.

Con respecto á moción presentada por CA sobre a situación e contratacións de traballadores e traballadoras na liña 6 ao aeroporto, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 16 abstencións correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (10 PSdeG-PSOE e 6

PP), acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a:

-Realizar as actuacións precisas para que a empresa concesionaria proceda á readmisión do persoal despedido no momento da subrogación, cumprindo coas sentenzas xudiciais.

-Facer un control efectivo do persoal adscrito á prestación do servizo impedindo a prestación do mesmo por persoal alleo ou a través de contratacións puntuais.

-Que garanta a incorporación deste persoal despedido no listado de persoal a subrogar pola nova empresa na licitación do transporte público.

-Instar ao goberno local, a través da empresa TUSSA, a impulsar un servizo de Aerobus que implemente un bus lanzadeira que conecte directamente a Intermodal e o Aeroporto de punto a punto, sen paradas urbanas e con tarifa diferenciada.

Na moción presentada por CA para que o concello facilite e favoreza a actividade dos clubs deportivos do municipio así como a mellora das pistas de atletismo da cidade, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano de Goberno a realizar as actuacións precisas para que:

1. O goberno municipal asine coa USC un convenio que contemple o uso por parte dos clubs de atletismo de Compostela da pista universitaria de atletismo sen máis condicionante que os propios de calquera instalación compartida por distintas entidades.

2. Renovación do convenio ou sinatura dun novo convenio coa USC para facilitar o uso do campo polideportivo do Campus Sur aos clubs de fútbol e rugby da cidade, tanto para os entrenos como para a competición oficial.

3. Licitación e executar coa maior celeridade a partida acordada para realizar as obras precisas na pista de atletismo do Estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro para poder ser usado polo clubs así como para tramitar a súa homologación diante da RFEA.

Con respecto á moción presentada polo BNG para a mellora dos espazos públicos no Ensanche, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o concello adoptará as medidas necesarias, de xeito coordinado entre os distintos departamentos municipais, mediante a elaboración dun diagnóstico para pór en marcha un plan a medio prazo para a mellora dos espazos públicos no Ensanche co fin de gañar calidade de vida para as persoas residentes

No tocante á moción conxunta do PP, de CA e do BNG para o cumprimento do contrato da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que concello adoptará as medidas necesarias para que se cumpran as condicións do

contrato da empresa concesionaria do servizo de recollida de residuos e o convenio onde se recollen os dereitos e as obrigas do persoal en materia laboral.

Na moción presentada polo PP para a posta en marcha dunha programación de circuítos saudables ao longo do termo municipal, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acorda instar ao correspondente órgano do Goberno local a que impulse a posta en marcha dunha campaña participativa de prevención e promoción da saúde por barrios e parroquias, con informacións de interese sobre alimentación saudable, perda de peso corporal, lectura crítica de etiquetas dos produtos alimenticios e a adopción dun estilo de vida saudable, cunha especial atención á práctica do exercicio físico no contorno máis inmediato en funcións das necesidades de cada persoa. Para este fin, poderá solicitar a colaboración, con medios humanos e materiais, das persoas e entidades do sector operantes na cidade, en especial a Facultade de Medicina e a Consellería de Sanidade.

Con respecto á moción presentada polo PP para a implantación da recollida de biorresiduos, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao Goberno central a reconsiderar a súa posición inicial e a facer as xestións precisas en orde a lograr unha ampliación do prazo fixado na Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, para que os municipios de máis de 5.000 habitantes poidan implantar a recollida separada de biorresiduos, seguindo o estipulado na Directiva europea e na Lei de Residuos de Galicia, que fixan a data límite en decembro de 2023.

Na moción presentada polo PP para a proposta ao goberno de España dun plan de medidas urxentes extraordinarias en defensa das familias e a economía, o Pleno da Corporación por 6 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes do grupo municipal do PP e 17 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), polo que queda rexeitada a presente moción.

Na moción presentada polo BNG para reprobación do concelleiro de educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación, Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais de CA, do PP e do BNG (5 CA, 6 PP e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda reprobar a actuación do concelleiro de educación por non convocar en prazo as actividades de conciliación e provocar graves problemas ás familias que precisan deste recurso.

Na moción presentada polo BNG para modificar o proxecto do Orbitaliño co obxectivo de preservar o núcleo rural de Formarís, á que se presentaron emendas por parte dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG, e despois de ser aceptada a transaccional presentada polo BNG, e despois de acordarse a votación separada por puntos, como pediu o grupo municipal de CA, adoptanse os seguintes acordos:

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as presentes, acorda:

1. A Corporación municipal mostra de novo o seu compromiso cos acordos subscritos por todas as forzas políticas presentadas no Foro Cívico. Manifestando unha vez máis que é unha prioridade para Santiago a construción do enlace entre AP-9 coa N-550,

coñecido como o “Orbitaliño”.

2. Os grupos políticos manteñen o espírito acadado polo consenso do Foro Cívico, comprometéndose a buscar canles de colaboración para conseguir un consenso nos temas cruciais para a cidade, coa expresión da vontade de apoiar a unidade de acción e colaborar na súa conexión.

3. O concello seguirá mantendo un diálogo co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para que teña en conta nesta actuación as peculiaridades dos núcleos tradicionais galegos e presentará alegacións nesa liña ao proxecto do Orbitaliño.

4. O concello ofrecerá asesoramento técnico e legal á veciñanza afectada e asociacións que tamén estimen presentar alegacións para defender as vivendas, terreos agrarios e espazos rurais para a cohesión territorial da aldea que pode alterar o proxecto do Orbitaliño.

O Pleno da Corporación por 18 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as presentes dos grupos municipais do BNG, do PSdeG-PSOE e PP (2 BNG, 10 PSdeG-PSOE e 6 PP) e 5 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal de CA, acorda que o concello continuará a realizar as xestións necesarias para que o proxecto do Orbitaliño contemple as mellores solucións posibles para a veciñanza, o comercio, o desenvolvemento do rural e a industria afectadas na zona de Formarís, tal e como se aprobou por unanimidade da Corporación en sesión plenaria de xuño de 2021.

Remata a sesión as 21:37 horas. Dou fe.